Stachys arvensis (L.) L., 1763

- betónica, orella de oso
- hierba del gato, hortelanilla, matapollos, betónica
-
- betònica, espiguera de camp, estaquis arvense
- field hedge-nettle, corn woundwort, field w., staggerweed
- rabo-de-raposa, orelha-de-urso, hortelã-das-roças



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Lamiales**	**Lamiaceae**	***Stachys***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Especie herbácea anual. Talos de ata 30 cm ou máis de lonxitude, erectos a ascendentes, hirsutos. Follas pecioladas, ovado-cordadas, obtusas, crenadas e hirsutas. Verticilásteres con 2-6 flores. As da base da inflorescencia moi espazadas, as do ápice máis xuntas; brácteas foliáceas. Cáliz acrescente, campanulado, hirsuto. Dentes aproximadamente do tamaño do tubo, aristados, os superiores púrpuras. Corola bilabiada, apenas sobresaíndo do cáliz, xeralmente rosada. Estames que sobresaen do tubo da corola. O froito é unha núcula de 1,7-1,8 x 1,3-1,4 mm, trígono, cunha cara convexa, papilosa, con papilas diferenciadas, ou tuberculado-reticulado, de cor marrón escura. Florece de xaneiro a setembro.

HÁBITAT

Crece en pasteiros terofíticos, en claros forestais, matogueiras, barbeitos e campos de cultivo. Sobre substratos xeralmente silíceos, areosos ou arxilosos, raramente sobre substratos básicos. Dende 5 ata 1200 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Europa meridional, occidental e central; rexión macaronésica. Case toda a Península Ibérica.

CURIOSIDADES

A pesar do seu uso tradicional (tomábase en infusións para aliviar a dor de cabeza ou estómago) é considerada tóxica en doses altas.